

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 1 DE LUGO

EDICTO (621/2013).

Rafael González Alió, secretario xudicial do Xulgado do Social número 1 de Lugo, fago saber que no procedemento número 621/2013 deste xulgado do social, seguido por instancia de José Abel Corredoira contra Portillo Motor, S.L. e outros, sobre despedimento, se expediu a seguinte cédula de citación:

Cédula de citación.

Tribunal que ordena citar: Xulgado do Social número 1.

Asunto en que se acorda: despedimento/cesamentos en xeral 621/2013.

Persoas a que se cita: Fondo de Garantía Salarial, Prinlecar, S.L., Asturdiesel, S.L.U., Prinsa Motor, S.L., Astur Leonesa del Motor, S.L., Autotracción Lugo, S.L., Fermotor, S.L., Portillo Motor, S.L., Autotracción Bierzo, S.L., Talleres La Serna, S.L., Lesauto, S.L., Astur Leonesa de Automoción, S.L., Manuel Castro Soilan, como partes demandadas.

Obxecto da citación: asistir nesa condición ao/aos acto/s de conciliación e, se é o caso, xuízo, e concorrer a tales actos coas probas de que intente valerse e, tamén se a parte contraria o pide, e o tribunal o admite, contestar ás preguntas que se lle formulen na práctica da proba de interrogatorio.

Lugar, día e hora en que debe comparecer: deben comparecer o día 20.11.2013, ás 11.45 horas, na sede do Xulgado do Social número 1, sita no andar 4º, sala 9, edificio Xulgados, ao acto de conciliación ante o/a secretario/a xudicial e, en caso de non avinza, ás 11.45 horas do mesmo día no andar 4º, sala 9, edificio Xulgados, ao acto de xuízo.

Prevenções legais:

1º. A non comparecencia do demandado, debidamente citado, non impedirá a realización dos actos de conciliación e, se é o caso, xuízo; este continuará sen necesidade de declarar a súa rebeldía (artigo 83.3 LPL/LXS).



2º. Fáiselle saber que a parte demandante indicou que acudirá ao acto do xuízo con avogado para a súa defensa e/ou representación, procurador ou graduado social para a súa representación, o que se lle comunica para os efectos oportunos.

3º. Debe asistir ao xuízo con todos os medios de proba de que intente valerse (artigo 82.2 LPL/82.3 LXS) e, en caso de que se admita a proba de interrogatorio, solicitada pola outra parte, deberá comparecer e contestar ao interrogatorio ou, no caso contrario, poderán considerarse recoñecidos como certos na sentenza, os feitos a que se refiren as preguntas, sempre que o interrogado tiver intervindo neles persoalmente e a súa fixación como certos lle resulte prexudicial en todo ou en parte.

Conforme dispón o artigo 91.3 da LXS, o interrogatorio das persoas xurídicas practícarase con quen legalmente as represente e teña facultades para responder a tal interrogatorio.

Se o representante en xuízo non tivese intervindo nos feitos deberá achegar a xuízo á persoa coñecedora directa deles. Con tal fin, a parte interesada poderá propor a persoa que deba someterse ao interrogatorio xustificando debidamente a necesidade de tal interrogatorio persoal.

Poderán así mesmo solicitar, polo menos con cinco días de antelación á data do xuízo, aquelas probas que, tendo que se practicar nel, requiran dilixencias de citación ou requirimento (artigo 90.2 LPL/90.3 LXS).

4º. Débelle comunicar a esta oficina xudicial un domicilio para a práctica de actos de comunicación e calquera cambio de domicilio que se produza durante a substanciación deste proceso, cos apercibimentos do artigo 53.2 da LXS (artigo 53.2 LXS/155.5 parágrafo 1º da LAC), facéndolle saber que, en aplicación de tal mandato, no primeiro escrito ou comparecencia ante o órgano xudicial as partes ou interesados e, de ser o caso, os profesionais designados, sinalarán un domicilio e datos completos para a práctica de actos de comunicación.

O domicilio e os datos de localización facilitados con tal fin, producirán plenos efectos e as notificacións neles intentadas sen efecto serán válidas mentres non sexan facilitados outros datos alternativos, e será carga procesual das partes e dos seus representantes mantelos actualizados. Así mesmo, deberán comunicar os cambios relativos ao seu número de teléfono, fax, enderezo electrónico ou similares, sempre que estes últimos estean a ser utilizados como instrumentos de comunicación co tribunal.



5º. Tamén deberá comunicar, e antes da súa realización, a existencia dalgunha causa legal que xustificase a suspensión dos actos de conciliación e/ou de xuízo a que se lle convoca (artigo 83 LPL/LXS 183 LAC).

6º. As partes poderán formalizar conciliación en evitación do proceso por medio de comparecencia ante a oficina xudicial, sen esperar á data de sinalización, así como someter a cuestión aos procedementos de mediación que puidesen estar constituídos de acordo co disposto no artigo 63 desta lei, sen que iso supoña a suspensión, salvo que de común acordo o soliciten ambas as dúas partes, xustificando a submisión á mediación e polo tempo máximo establecido no procedemento correspondente, que non poderá exceder os quince días.

Lugo, 27 de xuño de 2013

O/a secretario/a xudicial

Advírteselle ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

E para que lle sirva de citación á empresa Portillo Motor, S.L., expídese o presente edicto.

Lugo, 31 de xullo de 2013

O secretario xudicial

